

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 11 DE XUÑO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventor:

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

Non asisten:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 24/2018 DE DATA 4 DE XUÑO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 24/2018 do día 4 de xuño de 2018.

2.- EXPEDIENTE 4976/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para ampliación de explotación avícola de ceba, situado na parcela con referencia catastral polígono 46, parcela 26 (denominada “Quella do Rascoso”), preto do lugar de Pareizo, parroquia de Goiás-Lalín.

3.- EXPEDIENTE 4902/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 8 de xuño de 2018 en relación cunha parcela con referencia catastral 36024A244002260000YQ, denominada “Zarra Alén”, no lugar de Alén, na parroquia de Anseán-Lalín.

4.- EXPEDIENTE 766/2018. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a limpeza de fachada, canalóns e cuberta dunha edificación existente sita na rúa Wenceslao Calvo Garra, núm. 3-Lalín.

5.- EXPEDIENTE 2259/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 29/05/18, sobre información urbanística da parcela con referencia catastral 0006506NH7200N0001DJ situada no Polígono Industrial de Botos-Lalín.

6.- EXPEDIENTE 224/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse aprobar o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 9 de marzo de 2018 da parcela catastral que interesa certificación a nº 102 do polígono 195, linda só e exclusivamente polo vento Sur co camiño de uso e titularidade pública, denominado de Busto a Asorei coincidente coa referencia catastral 36024A194090060000BM.

7.- EXPEDIENTE 135/2017. LICENZA URBANÍSTICA LEGALIZACIÓN DE OBRAS 8677/16.

Acordouse Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 13/02/18.

8.- EXPEDIENTE 2117/2017. REPOSICIÓN Á LEGALIDADE DE ACTUACIÓNS EN CURSO DE EXECUCIÓN SEN TÍTULO HABILITANTE OU ORDE DE EXECUCIÓN OU SEN ADAPTARSE ÁS SÚAS CONDICIÓN. 16/04/U.

Acordouse Reiterar a M.C.G. o requirimento para que, no prazo de tres meses, presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, relativa ás obras obxecto deste procedemento; con advertencia do disposto no artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

9.- EXPEDIENTE 2109/2017. REPOSICIÓN Á LEGALIDADE DE ACTUACIÓNS EN CURSO DE EXECUCIÓN SEN TÍTULO HABILITANTE OU ORDE DE EXECUCIÓN OU SEN ADAPTARSE ÁS SÚAS CONDICIÓN. 16/03/U.

Acordouse Reiterar a M.C.G. a orde de demolición, á súa costa, das obras obxecto deste procedemento, coa finalidade de repoñer a legalidade urbanística.

10.- EXPEDIENTE 2654/2018. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Acordouse aprobar a proposta da Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente en RELACIÓN COA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE LALÍN POR DANOS CAUSADOS POLO DEFICIENTE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.

11.- EXPEDIENTE 3175/2018. PROPOSTA DE GASTO REPARACIÓN DE POSTES DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA IGREXA.

Acordouse ordenar a iniciación do expediente relativo á contratación do servizo de Servizo de Reparación de Postes do Parque Infantil da Praza da Igrexa.

12.- EXPEDIENTE 3166/2018. PROPOSTA DE GASTO REPARACIÓN ELÉCTRICA NO PAZO DE LIÑARES.

Acordouse Ordenar a iniciación do expediente relativo á contratación do servizo de Servizo de Reparación eléctrica no Pazo de Liñares.

13.- EXPEDIENTE 3085/2018. PROPOSTA DE GASTO (TURISMO) ROTULACIÓN STAND SEMANA VERDE.

Acordouse Ordenar a iniciación do expediente relativo á contratación do servizo de Servizo de Rotulación do stand que se ubicará na Semana Verde na sección de Turexpo.

14.- EXPEDIENTE 3191/2018. PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA TAXA POSTO DA 50 EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO.

Quedou pendente para un mellor estudo.

15.- EXPEDIENTE 2785/2018. CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA N° 07/2018.

Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 07/2018 con carácter provisional ata o 11/06/2019.

16.- EXPEDIENTE 3173/2018. CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA VEHÍCULO 0183KKM N° 08/2018.

Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía a favor de ASOCIACIÓN PARA LA PROTECCIÓN DE LOS ANCIANOS DE LALÍN Y SU COMARCA (APALC) - “RESIDENCIA AS DORES”.

17.- EXPEDIENTE 3220/2018. INFORME SOBRE SOLICITUDE DE CAUDAL COOPERATIVA C.G.S. E C.P.A. HOXE S.C. GALEGA.

Acordouse aprobar o informe emitido con data 23 de maio de

2018 da empresa concesionaria de abastecemento de auga en relación coa acometida de abastecemento da nave situada no lugar de Borralla núm. 34, pódese subministrar nas condicións actuais do servizo un caudal mínimo de 2 l/s.

18.- EXPEDIENTE 3101/2018 RELACIÓN DE TERREOS CERCANOS AO COLEXIO XOAQUÍN LORIGA, PARA A POSIBLE CONSTRUCCIÓN DUN AUDITORIO.

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños de Prado co que axunta relación de propietarios de terreos para a posibles construcción de un Auditorio na parroquia de Prado.

19.-EXPEDIENTE 3193/2018. SOLICITUDE CAMPO DE PRÁCTICAS DE INCENDIOS.

Acordouse conceder autorización municipal para realizar probas de prácticas de fogo segundo o anexo Vº Regulamento Xeral de Conductores para os alumnos en formación ou renovación do A.D.R. nas instalacións de Protección Civil do Concello de Lalín sitas na rúa Avda Xosé Cuíña-Lalín.

20.- EXPEDIENTE 3099/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA UNHA EXHIBICIÓN BENÉFICA DA MODALIDADE DE ZUMBATHON, NA EXPLANADA EXTERIOR DO CENTRO.

Acordouse conceder autorización municipal para realizar na explanada exterior do centro unha exhibición benéfica da modalidade de Zumbathon, organizada pola monitora Angy Ojea o vindeiro 16 de xuño de 2018 a partires das 18:00 horas.

21.- EXPEDIENTE 2895/2018. SOLICITUDE DE PERMISO PARA O PECHER DE RÚAS PARA REALIZACIÓN ACTIVIDADES LÚDICAS NOITE BRANCA 2018 O 22 DE XUÑO DE 2018.

Quedou pendente para un mellor estudo.

22.-EXPEDIENTE 3104/2018. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA USAR A SALA DE AUDIOVISUAIS DA BIBLIOTECA.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da sala de audiovisuais da Biblioteca Municipal o venres día 22 de xuño de 2018 as 13:30 horas, luns 25 de xuño de 17:00 horas ás 19:00 horas e o luns día 2 de xullo de 17:00 ás 19:00 horas para realizar un ciclo de charlas cas persoas participantes nas actividades de Cruz Vermella Lalín.

23.- EXPEDIENTE 3103/2018. SOLICITUDE CESIÓN SALA DE PRENSA DO CONCELLO PARA MANTER UNHA REUNIÓN COS TRABALLADORES E TRABALLADORAS O DÍA 14 DE XUÑO DE 2018.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da sala de prensa do Concello de Lalín o día 14 de xuño de 2018, as 14:00 horas para manter unha reunión cos traballadores e traballadoras que teñen a condición de persoal indefinido non fixo por requirimento da Inspección Provincial de Traballo e outro persoal interino coa intención de dar información para unha posible demanda xudicial.

24.- EXPEDIENTE 3138/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA COLOCACIÓN DE LUCES DECORATIVAS NAS RÚAS DO CENTRO DE LALÍN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

25.- EXPEDIENTE 3100/2018. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR UN TORNEO DEPORTIVO NA PARTE EXTERIOR DE PONTIÑAS CENTRO COMERCIAL E DE OCIO GADIS.

Acordouse conceder autorización municipal para realizar un Torneo Deportivo (5º Torneo 3x3 Pontiñas categorías Alevín, Benjamín, Pre benjamín y Biberón) das modalidades de fútbol, Baloncesto y Balonman o 26 e 30 de xuño de 2018, dende as 16:00 horas ata as 21:00 horas nunha parte do Parking exterior de Pontiñas Centro Comercial y de Ocio.

26.- EXPEDIENTE 3144/2018. SOLICITUDE USO SALA DE REUNIÓN DO PAZO DE LIÑARES CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DUNHA XUNTANZA DE VETERINARIOS O 30 DE XUÑO DE 2018.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da Sala de reunións do Pazo de Liñares o día 30 de xuño de 2018 en horario de tarde, dende as 17:00 horas ás 20:00 horas, con motivo da celebración dunha xuntanza de veterinarios de Galicia.

27.- EXPEDIENTE 3102/2018. SOLICITUDE PARA ESTABLECER ZONA AZUL DE APARCAMENTO NA RÚA MATEMÁTICO RODRÍGUEZ DE LALÍN.

Dáse conta da solicitude presentada por varios propietarios de establecementos situados na rúa Matemático Rodríguez de Lalín no que solicitan ao Concello de Lalín o establecemento dunha zona azul de aparcamento na rúa Matemático Rodríguez de Lalín, debido aos problemas de aparcamento existentes na rúa.

A Xunta e Goberno Local quedou enterada do mesmo.

28.- EXPEDIENTE 2902/2018. SOLICITUDE PARA A CELEBRACIÓN DUNHA RUTA CIRCULAR POR SENDEIROS DO CONCELLO DE LALÍN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

29.- EXPEDIENTE 2899/2018. SOLICITUDE LOCAL ACONDICIONADO COMO CENTRO SOCIAL.

Quedou pendente para un mellor estudo.

30.- EXPEDIENTE 3177/2018. SERVIZO DE SUBMINISTRO DE MAQUINARIA PARA A BRIGADA DE OBRAS, CONSISTENTE EN DESBROZADORAS, MARTELO E LIXADORA.

Acordouse ordenar a iniciación do expediente relativo á contratación do servizo de Servizo de Subministro de maquinaria para a Brigada de Obras, consistente en desbrozadoras, martelo e lixadora, necesario para que a Brigada de Obras.

31.- EXPEDIENTE 3204/2018. SERVICIO DE SUBMINISTRO DE REMOLQUE PARA A BRIGADA DE OBRAS.

Acordouse ordenar a iniciación do expediente relativo á contratación do servizo de **Servizo de Subministro de remolque para a Brigada de Obras**, necesario para que a Brigada de Obras.

32.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3186/2018. RELACION DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00033 por importe de 165.912,55 €.

33.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3203/2018. TRASPASO EXECUTIVA A ESPINA & DELFÍN LIQUIDACIÓN ORAL MARZO-ABRIL.

Acordouse traspasar o importe de 974,02 € á empresa concesionaria da auga correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín durante os meses de marzo e abril do 2018.

34.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3201/2018. LICF FESTAS SUXEITAS A LICENZA.

Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** consistente na celebración das festas patronais de Palmou, os días 23 e 24 de xuño de 2018, no campo da festa de Palmou – Lalín.

35.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE EXPEDIENTE 3257/2018. SOLICITUDE DE USO SALÓN DE ACTOS BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Salón de actos da Biblioteca Municipal para o día 16 de xuño de 2018, dende as 18:00 horas ás 20:00 horas para facer unha proxección de Azos Feministas.

36.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 735/2018. ORDE DE EXECUCIÓN. EDIFICIO SEN REMATAR E SEN CONDICIÓNS DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO. EXP OE.

Acordouse apercibir a A.S.R.E.S.A. de que, se nun novo prazo dun mes, non realiza, á súa custa, os traballos necesarios, coa finalidade de dotar ao inmovible das condicións de seguridade e ornato das que carecen, detalladas no Antecedente Primeiro deste acordo, procederáse á execución forzosa do citado acordo da Xunta de Goberno Local, de 19/03/18. Tal execución forzosa realizarase mediante a imposición de multas coercitivas, en contía de 1.000 euros cada unha, reiterables trimestralmente.

37.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 86/2017. DECLARACIÓN DE RUÍNA ORDINARIA.

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO RELATIVO Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES NUNHA EDIFICACIÓN EN SITUACIÓN DE RÚINA CONSISTENTE N UN SERRADOIRO ENTRE A RÚA DO RODO E CIDADE XARDÍN - LALÍN (exp. 86/2017).

38.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4500/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse conceder LICENZA DE OBRA para vivenda unifamiliar de planta sótano, baixa e cuberta na rúa Pena Aguda s/n de Lalín.

39.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2833/2018. PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 4.840,00€(IVE incluído), con destino á CONTRATACIÓN da “REDACCIÓN DUN PROXECTO DE DEMOLICIÓN DO ANTIGO COLEXIO MANUEL RIVERO, EXPLANACIÓN DA SÚA PARCELA E DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA”, imputable á aplicación orzamentaria 2018/0/337/62247/01 do presuposto municipal vixente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:25 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.